



Estratexia da
Economía Azul
de Galicia

ESTRATEGIA DA ECONOMÍA AZUL DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA



1. Antecedentes	<u>3</u>
2. Diagnose da EAG	<u>10</u>
3. As bases da estratexia	<u>16</u>
4. O plan de acción	<u>24</u>
5. O orzamento	<u>65</u>
6. Sistema de gobernanza	<u>71</u>
7. Conclusións	<u>76</u>

1

Antecedentes



Que é a Economía Azul

O concepto da economía azul xurde en 2012 no marco da Conferencia das Nacións Unidas sobre Desenvolvemento Sostible, coñecida como Río+20. Trátase dun **modelo económico** que foi adoptado por outros organismos internacionais, como o Banco Mundial, a FAO ou a Unión Europea, e **que promove o uso sostible dos océanos, dos mares e dos recursos acuáticos** para impulsar o crecemento económico, crear emprego e mellorar o benestar humano, á vez que se protexe e conserva o medio mariño.


Neste contexto, un enfoque de **Economía Azul é fundamental para Galicia** debido á súa estreita vinculación co mar e o seu potencial económico ligado aos recursos mariños. Galicia conta cunha extensa costa (1.500 km), importantes portos e unha **tradición pesqueira** que foron piares da nosa economía durante séculos. Con todo, ante os retos do cambio climático, a sobreexplotación dos recursos mariños e a necesidade de diversificar o tecido produtivo, é esencial adoptar **un enfoque que combine a sustentabilidade co crecemento económico**.



Obxectivo xeral da estratexia

A Estratexia da Economía Azul de Galicia (EAG) ten como obxectivo abordar un **plan de actuacións**, fundamentalmente en materia de **conservación, protección e recuperación da biodiversidade** do océano e da costa, que conleven, a medio prazo, a sustentabilidade das actividades económicas marítimas, aproveitando as oportunidades que o desenvolvemento tecnolóxico propicie.

O obxectivo último do plan é o de **contribuír a incrementar a saúde e benestar dos cidadáns**, así como o **emprego de calidade**, en base aos **principios de igualdade** de xénero, dereitos e oportunidades.





Obxectivos específicos

A Estratexia da EAG está aliñada cos seguintes obxectivos, recollidos na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia:


- Impulsar a protección e conservación da **biodiversidade** mariña e a mellora dos seus hábitats
- preservar con carácter prioritario as **actividades pesqueira, marisqueira, miticultora e de recolección de algas**, potenciándoas e tomando as medidas que garantan a súa perdurabilidade e sustentabilidade
- Favorecer a mitigación do **cambio climático** e a resiliencia costeira mediante a descarbonización do sector pesqueiro e acuícola, o impulso das enerxías renovables e a transición cara a unha economía circular nos mares e costas
- Promover a **competitividade e sustentabilidade** do sector pesqueiro, acuícola e marisqueiro, especialmente atendendo á dixitalización e implantación de novas tecnoloxías ao longo da cadea sectorial, a transición enerxética e a substitución xeracional, baseando este obxectivo na cogobernanza como fórmula para mellorar a transparencia, a rastrexabilidade e a toma de decisións sobre a sustentabilidade dos recursos e da actividade socioeconómica
- Fomentar os usos **náutico-deportivos e o turismo litoral** sustentable
- Fomentar a **cultura oceánica**
- Mellorar a visibilidade das actividades portuarias, náutico-deportivas, pesqueiras, marisqueiras e acuícolas como **motores económicos de Galicia**
- Impulsar a **investigación, o desenvolvemento e a innovación** do Coñecemento Azul



Enfoque participativo

A Estratexia da EAG elaborouse a través dun **marco estratéxico vivo e participativo**, que requiriu de versións evolucionadas a medida que os diferentes actores foron incorporando aportacións que ían enriquecendo a diagnose inicial e o plan de acción. Para propiciar este **proceso participativo** constituíronse **11 Grupos de Traballo**, onde están representados as actividades da Economía Azul de Galicia, cun enfoque de quíntupla hélice (empresas, administración, academia, sociedade e medio ambiente) que deu cabida a enfoques diversos sobre a situación actual e as perspectivas de futuro do sector.



Tanto a metodoloxía empregada, como a composición dos grupos de traballo e os documentos parciais que se xeraron, foron validados por un **Grupo Asesor**, formado por 8 expertos en diferentes ámbitos da EA.






Os sectores da economía azul de Galicia

SECTORES ASENTADOS



SECTORES EMERXENTES



SECTORES TRANSVERSAIS



2

Diagnose




Proceso participativo na identificación de retos da EAG




11

OBRADOIROS



123

PARTICIPANTES



164

RETOS (*)

(*) Os 164 retos apuntados nos 11 obradoiros foron reagrupados en 32 grandes retos estratéxicos




123


PARTICIPANTES



Asistentes aos obradoiros



Caracterización dos asistentes







164
RETOS



Tipo de retos apuntados



Retos por obradoiro





Estratexia da
Economía Azul
de Galicia



Turismo



I+D+i



Enerxía



Biotecnoloxía



Transformados



Vixilancia



Pesca



Talento



Acuicultura



Portos



Naval





Os grandes retos da EAG

R1.

Gobernanza, Alianzas e Cooperación



- R1.1 Alianzas públicas e privadas
- R1.2 Planificación espacial mariña
- R1.3 Simplificación burocrática
- R1.4 Sistema harmonizado de datos
- R1.5 Espazos de traballo conxunto
- R1.6 Mapa da Economía Azul
- R1.7 Comunicación transversal

R2.

Profesionalización, Formación e Emprego



- R2.1 Adaptación dos currículos formativos
- R2.2 Plans de estudo con dimensión ambiental
- R2.3 Plans de formación con inclusión social
- R2.4 Formación práctica
- R2.5 Unificar perfís profesionais
- R2.6 Reskilling profesional
- R2.7 Prestixiar as profesións do mar
- R2.8 Visibilizar a oferta formativa
- R2.9 Pacto de capacidades azuis

- R3.1 Coidado da biodiversidade
- R3.2 Xestión dos residuos xerados
- R3.3 Modelos de negocio circulares
- R3.4 Redución da pegada de carbono
- R3.5 Eficiencia enerxética
- R3.6 Transferencia de coñecemento científico
- R3.7 Ordeación do litoral
- R3.8 Servizos ecosistémicos

R3.

Redución dos impactos no capital natural



- R4.1 Sinerxias entre as actividades EA
- R4.2 Emprendemento integrador
- R4.3 Relevo xeracional
- R4.4 Cultura e patrimonio do litoral
- R4.5 Galicia, marca de calidade
- R4.6 Coordinación da 5ª hélice
- R4.7 Integrar a biotecnoloxía
- R4.8 Potenciar a intermodalidade

R4.

Desenvolvemento sustentable



The background is a solid blue color with several large, overlapping, organic shapes in varying shades of blue, creating a layered, abstract effect.

3

Bases estratégicas



Misión



Proporcionar melloras nas condicións de vida da sociedade a través da **producción sustentable de alimentos**, do progreso da **saúde**, da posta en valor da **cultura mariñeira**, da xeración e o aproveitamento de **enerxía renovable**, da **movilidade** e do **transporte sostible**, do **emprego de calidade**, do **lecer**, do **turismo** e do **deporte**. Todo elo promovendo a **integración dos diferentes sectores da EAG** mediante a innovación e a sustentabilidade para favorecer a cohesión social mediante a compatibilidade e complementariedade das **actividades na costa e no medio mariño**.

Visión



Converter a Galicia nun **referente internacional** en crecemento azul, dotando dun **valor social, medioambiental e económico** as rías e o territorio costeiro, dende un enfoque de **protección, conservación e recuperación** do medio mariño e da biodiversidade.



Valores

O deseño desta estratexia basease na **participación** de tódolos sectores da EAG así como dos seus grupos de interese, garantindo así a **transparencia** do proceso.



Enfoque de **colaboración**, para mellorar o diálogo entre a quíntupla hélice, e de **cooperación**, para priorizar **actuacións transversais** que favorezan a consolidación da EAG, sen excluír actuacións sectoriais singulares.



A **innovación**, a **tecnoloxía** e a transferencia de **coñecemento** son pancas esenciais para o desenvolvemento da economía azul de Galicia



Esta estratexia promove a **igualdade** de oportunidades entre homes e mulleres, así como a **inclusión** de colectivos desfavorecidos, co fin de acadar unha **sociedade xusta** e igualitaria.




A **sustentabilidade** é o elemento transversal desta estratexia atendendo aos ámbitos social, económico e ambiental e cun claro **enfoque ecosistémico**.





A conexión intersectorial





Os elementos da estratexia

3

Obxectivos estratéxicos

9

Obxectivos operativos

40

Accións

6

Eixes de actuación

A Estratexia da Economía Azul Sustentable de Galicia propónse acadar **3 obxectivos estratéxicos**, desagregados en **9 obxectivos operativos**, despregando un conxunto de **40 accións** que se estruturan en **6 eixes de actuación**.



Obxectivos estratéxicos e operativos

OE1

Cohesionar a EAG integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación

001

Reforzar a gobernanza mediante a creación de mecanismos eficaces de coordinación e colaboración.

002

Fomentar unha I+D+i azul que favoreza a integración de tecnoloxías e coñecemento para o desenvolvemento da EA.

003

Impulsar o desenvolvemento e a retención de talento especializado que garanta o crecemento sostible da EA.

OE2

Posicionar os sectores emerxentes da EAG como referentes internacionais

004

Promover a protección, conservación e recuperación do medio mariño e dos recursos do mar.

005

Impulsar as fontes de enerxía renovables, fomentando a transición enerxética cara a un modelo máis limpo e respectuoso co medio ambiente.

006

Conservar e pór en valor o patrimonio cultural do mar.

OE3

Garantir a sustentabilidade e a circularidade das actividades nucleares da EAG

007

Impulsar accións sustentables nos sectores nucleares da EA.

008

Impulso de novos produtos de alto valor engadido nos sectores tradicionais da EA.

009

Difusión dos valores da Economía Azul Sustentable de Galicia.



Obxectivos e retos: a ligazón da estratexia coa diagnose

			R1. Gobernanza, Alianzas e Cooperación							R2. Profesionalización, Formación e Emprego									R3. Redución dos Impactos no Capital Natural								R4. Desenvolvemento Sustentable							
			R1.1	R1.2	R1.3	R1.4	R1.5	R1.6	R1.7	R2.1	R2.2	R2.3	R2.4	R2.5	R2.6	R2.7	R2.8	R2.9	R3.1	R3.2	R3.3	R3.4	R3.5	R3.6	R3.7	R3.8	R4.1	R4.2	R4.3	R4.4	R4.5	R4.6	R4.7	R4.8
OE1. Cohesionar as actividades da EAG	001	Reforzar a gobernanza mediante mecanismos de coordinación e colaboración	●		●		●	●	●	●				●	●		●	●	●			●	●	●			●				●	●	●	●
	002	Fomentar unha I+D+i azul e a integración de tecnoloxías	●			●						●						●		●		●	●			●	●				●	●		
	003	Impulsar o desenvolvemento e a retención de talento					●			●	●	●	●	●	●	●	●	●			●							●	●			●		
OE2. Posicionar internacionalmente a EAG	004	Promover a protección, conservación e recuperación do medio mariño		●		●				●								●	●		●		●	●	●					●	●			●
	005	Impulsar a adopción de fontes de enerxía renovables		●						●								●			●	●			●							●	●	
	006	Conservar e por en valor o patrimonio cultural do mar					●							●				●	●		●		●	●	●				●	●			●	
OE3. Garantir a sustentabilidade da EAG	007	Promover accións sustentables na pesca, o marisqueo e a acuicultura		●	●	●		●			●			●	●	●		●	●	●	●	●				●	●			●		●	●	
	008	Impulsar o desenvolvemento de produtos de alto valor engadido					●		●	●										●					●	●				●		●		
	009	Por en valor a cultura e os valores da EA					●		●		●			●	●	●		●	●	●									●	●	●	●	●	



Eixes de actuación da estratexia




4

Plan de acción



ACTUACIÓNS TRANSVERSAIS



ESTRATEGIA DE CONSENSO



E1 Cooperación intersectorial

- A1 Rede da economía azul de Galicia: "REAG"
- A2 Rede Atlántica de Clusters e Centros Tecnolóxicos da EA: "RA2C"
- A3 Desenvolvemento da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia
- A4 Programa de dixitalización das cadeas de valor da EAG "EA-DIXITALIZATE"
- A5 Unidade especializada en favorecer o tránsito ata a economía azul das cadeas de valor da EAG: "Unidade circular azul"
- A6 Descarbonización nos sectores da EAG: "Axendas intersectoriais de transición enerxética e ecolóxica"
- A7 Proxectos pilotos para a diversificación da acuicultura en colaboración coas actividades biotecnolóxicas: "Acua-bio-integra"
- A8 Promoción de tecnoloxías que propicien unha cadea de valor no sector naval galego de cero emisións "Naval net-0"
- A9 Rede para impulsar e consolidar a transferencia de coñecemento doutros sectores complementarios a EAG: "Polo Azul"

E2 Conectores de innovación

- A10 Plataforma para conectar a oferta e a demanda de recursos de innovacións azuis: "Azul Conecta"
- A11 Sumar capacidades en rede para o desenvolvemento de novos enfoques da Biotecnoloxía Azul: "Centro Biotec azul"
- A12 Aceleradora do sector da EAG: "Business Factory Blue"
- A13 Rede para impulsar a transformación das comunidades costeiras: "Espazo de innovación social azul de Galicia"
- A14 Rede para favorecer a transición enerxética nos portos de Galicia: "Alianza portuaria pola transición enerxética"
- A15 Programa de promoción e desenvolvemento da innovación das tecnoloxías de observación e conservación mariña

E3 Competitividade

- A16 Unidade especializada para a implantación de proxectos estratéxicos singulares da EAG: "Unidade Galicia Empresa Azul"
- A17 Fondo de financiamento especializado no sector da economía azul: "Carteira multiproducto para o financiamento do crecemento azul"
- A18 Pilotos de enerxías renovables nos portos de Galicia: "Laboratorio de enerxía azul"
- A19 Promoción conxunta baixo unha mesma imaxe das actividades náutico-deportivas de Galicia "Amar Galicia Náutica"
- A20 Incorporación de produtos do mar os menús das escolas infantís e centros da Xunta de Galicia: "Merca Azul"
- A21 Laboratorio para a valorización e comercialización de produtos do mar: "Engade Azul"

E4 Patrimonio mariño

- A22 Rede para a protección, conservación, rehabilitación das manifestacións culturais mariñas: "Alianza polo patrimonio cultural azul"
- A23 Programa para o impulso de infraestruturas verdes nas zonas de litoral: "Plan galego de infraestruturas azuis"
- A24 Unidade de coordinación global en materia medioambiental e seguridade marítima
- A25 Piloto de espazo mariño monitorizado
- A26 Sistema de valorización económica dos servizos ecosistémicos mariños
- A27 Programa de promoción do turismo mariñeiro: "Amar Galicia Mariñeira"
- A28 Centro galego de innovación da gastronomía atlántica: "Centro Culinario da Cociña Atlántica"

E5 Talento e traballo

- A29 Diálogo social da EAG
- A30 Rede de centros universitarios e tecnolóxicos especializados en investigación mariña aplicada ao cambio climático
- A31 Plan para a xeración de habilidades azuis "Suma Azul"
- A32 Plan de medidas de igualdade nos sectores azuis de Galicia: "Iguala"
- A33 Promoción de carreiras laborais en actividades tradicionais azuis: "Persoas mozas administradoras do mar"

E6 Comunicación e información

- A34 Mesas de diálogo para a xestión de información da EAG: "Big data da Economía Azul de Galicia"
- A35 Xemelgo dixital de hábitats mariños e costeiros: "XIM" (Xemelgo Intelixente Mariño)
- A36 Foro internacional bianual da EAG: "Pensa Azul"
- A37 Certificación de calidade da Economía Azul e Galicia
- A38 Campaña para contribuír a mellora da conservación do medio mariño a través dos cambios nos hábitos de consumo: "A saúde do Mar a nosa Saúde"
- A39 Campaña para divulgar as actividades azuis e o seu impacto: "Crecemento azul"
- A40 Programa educacional e de sensibilización de Economía Azul: "Compromiso Azul"

Eixe 1

Cooperación intersectorial





E1 Cooperación intersectorial

- A1 Rede da economía azul de Galicia: "REAG"
- A2 Rede Atlántica de Clusters e Centros Tecnolóxicos da EA: "RA2C"
- A3 Desenvolvemento da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia
- A4 Programa de dixitalización das cadeas de valor da EAG "EA-DIXITALIZATE"
- A5 Unidade especializada en favorecer o tránsito ata a economía azul das cadeas de valor da EAG: "Unidade circular azul"
- A6 Descarbonización nos sectores da EAG: "Axendas intersectorias de transición enerxética e ecolóxica"
- A7 Proxectos pilotos para a diversificación da acuicultura en colaboración coas actividades Biotecnolóxicas: "Acua-bio-integra"
- A8 Promoción de tecnoloxías que propicien unha cadea de valor no sector naval galego de cero emisións "Naval net-0"
- A9 Rede para impulsar e consolidar a transferencia de coñecemento doutros sectores complementarios a EAG: "Polo Azul"

O fin último deste eixe é a **consolidación do metasecador da EAG**. Así, a primeira acción que se propón é a creación dunha **rede que integre aos diferentes axentes da economía azul de Galicia** e que ésta se posicione como o **referente europeo** que lidere a conformación dunha rede de clústeres e centros tecnolóxicos de EA **no eixo atlántico**.

Por outra banda, a cooperación intersectorial permitirá **dixitalizar conxuntamente os procesos** das cadeas de valor da EAG, **valorizar os residuos** da EAG (convertendo este problema nunha oportunidade de negocio) e conectar aos sectores da EAG mediante proxectos conxuntos de fomento das **enerxías renovables**.

Ademais, tamén se contemplan **accións singulares** como: o fomento de sinerxías entre os sectores da **biotecnoloxía** e da **acuicultura** ou o liderado do sector **naval** na fabricación de equipos de emisións cero.

Por último, tamén se pretende **cooperar con outros sectores complementarios da EAG** mediante o fomento da transferencia directa de coñecemento.



Acción	A1. Rede da economía azul de Galicia: "REAG"		
Eixe	E1. Cooperación intersectorial		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a Economía Azul de Galicia integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación.	Obxectivo Operativo	001. Reforzar a gobernanza mediante a creación de mecanismos eficaces de coordinación e colaboración.
Descrición	Rede integrada por asociacións e clústeres para promover a cooperación das actividades relacionadas co mar en Galicia, co obxectivo de mellorar a súa competitividade e sustentabilidade. Mediante redes de cooperación dos axentes da EA desenvolverá plans de innovación, internacionalización e formación a través dunha visión integradora, que axude a tecer redes entre os diferentes sectores, actores e actividades da economía azul, fomentando as sinerxías.		

Acción	A2. Rede Atlántica de Clusters e Centros Tecnolóxicos da EA: "RA2C"		
Eixe	E1. Cooperación intersectorial		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a Economía Azul de Galicia integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación.	Obxectivo Operativo	001. Reforzar a gobernanza mediante a creación de mecanismos eficaces de coordinación e colaboración.
Descrición	Rede de Clústers e Centros tecnolóxicos vinculados ás actividades pertencentes ao Sector da EA para levar a cabo unha cooperación intersectorial a nivel internacional na área atlántica. O obxectivo principal é a creación dunha alianza estratéxica entre centros e agrupacións con competencia no arco atlántico para impulsar o crecemento azul a través do intercambio de experiencias e de proxectos de colaboración. A alianza estaría conformada con axentes da EA pertencentes os seguintes países: Irlanda, Francia, España e Portugal, que dispoñan dunha clara orientación a cooperación para superar os principais retos da economía azul que comparten as distintas rexións, coma por exemplo: o cambio climático, contaminación mariña, mantemento da biodiversidade, etc.).		



Acción	A3. Desenvolvemento da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia		
Eixe	E1. Cooperación Intersectorial		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a Economía Azul de Galicia integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación.	Obxectivo Operativo	OO1. Reforzar a gobernanza mediante a creación de mecanismos eficaces de coordinación e colaboración.
Descrición	Apoio o desenvolvemento da nova Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. Esta planificación busca equilibrar a preservación do entorno natural e os valores paisaxísticos da costa galega coa súa importante realidade socioeconómica ligada ao mar, promovendo usos que engadan valor e fomenten a cohesión social na rexión de maneira sostible, segura e respectuosa co medio ambiente.		

Acción	A4. Programa de dixitalización das cadeas de valor da EAG "EA-DIXITALIZATE"		
Eixe	E1. Cooperación intersectorial		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a Economía Azul de Galicia integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	OO2. Fomentar unha I+D+i azul que favoreza a integración de tecnoloxías e coñecemento para promover o desenvolvemento da EA.
Descrición	Plataforma colaborativa de dixitalización das cadeas de valor da EAG para a mellora da competitividade das actividades que a integran. Os desenvolvementos tecnolóxicos céntranse nos puntos de conexión e intersección das cadeas de valor das distintas actividades co fin de contribuír a eficiencia nos procesos e redución de tempos, mellora nos servizos e da loxística, contribución a descentralización e incremento do valor engadido dos produtos. O obxectivo é desenvolver unha Plataforma de dixitalización de actividades da EA ca aplicación das últimas tecnoloxías en materia de BigData , IA, Blockchain , IoT e sensórica e a súa integración bases de datos xa existentes, con fontes analóxicas coma redes de cooperación de observadores, contando co coñecemento interdisciplinar e informes de expertos.		



Acción	A5. Unidade especializada en favorecer o tránsito ata a economía azul das cadeas de valor da EAG: "Unidade circular azul"		
Eixe	E1. Cooperación intersectorial		
Obxectivo Estratéxico	OE2. Posicionar os sectores emerxentes da economía azul de Galicia como referentes internacionais	Obxectivo Operativo	OO4. Protexer, conservar e recuperar o medio mariño e os recursos do mar
Descrición	Reforzar a cooperación intersectorial da EA coa universidade e as empresas do sector do medio ambiente, a través da creación dunha unidade de economía circular que facilite o tránsito cara a unha economía circular, aplicada en base as conexións das cadeas de valor das distintas actividades da EA. Incrementando o efecto positivo sobre a contorna, reducindo tanto a cantidade como o perigo dos residuos, é xerando novos produtos baseados na economía circular. Ademais, se promoverá o desenvolvemento de novas tecnoloxías vinculadas a economía circular e a transferencia de boas prácticas. Esta unidade contribuirá a converter a economía circular nun elemento disruptor a nivel empresarial, onde as empresas comecen a percibir os residuos non só como un modelo lineal, senón tamén como un novo recurso da cadea de subministro.		
Acción	A6. Descarbonización nos sectores da EAG: "Axendas intersectorias de transición enerxética e ecolóxica"		
Eixe	E1. Cooperación intersectorial		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a EAG integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	OO1. Reforzar a gobernanza da EA mediante a creación de mecanismos eficaces de coordinación e colaboración.
Descrición	Desenvolvemento, xunto aos sectores e as súas organizacións, das follas de ruta intersectoriais para a descarbonización e medidas medioambientais nos sectores da EA. Planificación dos obxectivos de descarbonización e análise do estado da arte das distintas tecnoloxías para a incorporación progresiva de fontes de enerxía renovables, co fin de avanzar na transición enerxética e a sustentabilidade, de forma aliñada e complementaria coa Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050.		



Acción	A7. Proxectos pilotos para a diversificación da acuicultura en colaboración coas actividades Biotecnolóxicas: "Acua-bio-integra"		
Eixe	E1. Cooperación intersectorial		
Obxectivo Estratéxico	OE3. Garantir a sustentabilidade e a circularidade nas actividades tradicionais da EAG	Obxectivo Operativo	OO8. Impulsar o desenvolvemento de novos produtos de alto valor engadido nos sectores tradicionais.
Descrición	Programa de diversificación da acuicultura cara novas especies e novos sistemas e tecnoloxías, a través de proxectos piloto en colaboración coa actividade biotech. Este programa promove a cooperación dos centros tecnolóxicos e as unidades de investigación das ciencias do mar con unidades de biotecnoloxía co fin de mellorar a produtividade, a sustentabilidade e a aceptación social.		

Acción	A8. Promoción de tecnoloxías que propicien unha cadea de valor no sector naval galego de cero emisións "Naval net-0"		
Eixe	E1. Cooperación intersectorial		
Obxectivo Estratéxico	OE2. Posicionar as actividades emerxentes da EAG como referentes internacionais.	Obxectivo Operativo	OO5. Impulsar a adopción de fontes de enerxía renovables, fomentando a transición enerxética cara a un modelo máis limpo e respetuoso co medio ambiente.
Descrición	Posicionamento do naval galego no sector industrial de cero emisións, para o deseño e fabricación de tecnoloxías que apoien a transición cara unha enerxía limpa e libre de emisións de gases de efecto invernadoiro. Desenvolvemento dunha alianza no naval galego para a súa integración na cadea de valor do sector industrial de cero emisións (Plan Industrial Verde), contando coa cadea de valor das enerxías renovables mariñas, as actividades das TICs, o sector da pesca o marisqueo, a acuicultura.		



Acción	A9. Rede para impulsar e consolidar a transferencia de coñecemento doutros sectores complementarios a EAG: "Polo Azul"		
Eixe	E1. Cooperación intersectorial		
Obxectivo Estratéxico	OE3. Garantir a sustentabilidade e a circularidade nas actividades tradicionais da EAG	Obxectivo Operativo	OO7. Promover accións sustentables que potencien a competitividade das actividades nucleares da economía azul.
Descrición	Esta acción ten por obxecto reforzar a cooperación intersectorial a través e alianzas con outros sectores afíns a EAG para a mellora competitividade mediante a aplicación de tecnoloxías e a transferencia de coñecemento cara as actividades tradicionais.		

Eixe 2

Conectores de innovación





E2 Conectores e innovación

- A10** Plataforma para conectar a oferta e a demanda de recursos de innovacións azuis: "Azul Conecta"
- A11** Sumar capacidades en rede para o desenvolvemento de novos enfoques da Biotecnoloxía Azul: "Centro Biotec azul"
- A12** Aceleradora do sector da EAG: "Business Factory Blue"
- A13** Rede para impulsar a transformación das comunidades costeiras: "Espazo de innovación social azul de Galicia"
- A14** Rede para favorecer a transición enerxética nos portos de Galicia: "Alianza portuaria pola transición enerxética"
- A15** Programa de promoción e desenvolvemento da innovación das tecnoloxías de observación e conservación mariña

O obxectivo principal deste eixe é a **conexión dos sectores da EAG mediante a innovación**.

En primeiro lugar será necesario identificar capacidades e proxectos de innovación en Galicia creando un **catálogo galego de I+D+i azul** que permita dar a coñecer a oferta e a demanda en Galicia.

Proponse a **creación dun centro de biotecnoloxía azul en rede** que sume as capacidades de diferentes centros xa existentes.

Tamén se propón facilitar a innovación apoiando a creación de empresas, creando unha **aceleradora especializada en EA**, e mediante o fomento da **innovación social**, impulsando a transformación das comunidades costeiras (GALP).

Ademais, promóvese a **innovación nos portos de Galicia**, xa que son os "hubs" máis importantes da EAG.

Por último, proponse a posta en marcha dun programa que favoreza a innovación das **tecnoloxías de observación mariña** que incorporaría, entre outras medidas, o lanzamento de **compra pública innovadora**.



Acción	A10. Plataforma para conectar a oferta e a demanda de recursos de innovacións azuis: "Azul Conecta"		
Eixe	E2. Conectores de innovación		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a Economía Azul de Galicia integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	OO2. Fomentar unha I+D+i azul que favoreza a integración de tecnoloxías e coñecemento para promover o desenvolvemento da Economía Azul.
Descrición	Plataforma de conexión entre a oferta e a demanda de recursos de innovación azuis que facilita espazos de innovación intersectoriais, favorecendo a creación de unidades mixtas de investigación e contando co apoio dunha oficina de captación de financiación para o desenvolvemento dos proxectos de I+D+i.		

Acción	A11. Sumar capacidades en rede para o desenvolvemento de novos enfoques da Biotecnoloxía Azul: "Centro Biotec azul"		
Eixe	E2. Conectores de innovación		
Obxectivo Estratéxico	OE2. Posicionar as actividades emerxentes da EAG como referentes internacionais	Obxectivo Operativo	OO4. Promover a protección, conservación e recuperación do medio mariño e dos recursos do mar.
Descrición	Esta liña ten como obxectivo dotar dunha infraestrutura "Centro de Biotech Azul", onde grupos de investigación e Organismos Públicos de Investigación (OPIs) contén co equipamento e servizos necesarios, para traballar en novos enfoques da biotecnoloxía azul que busquen paliar o problema da contaminación mariña na Costa Galega, así como promover a conservación reposición e restauración do medio mariño. Abordando esta problemática como unha oportunidade, non só para por en marcha actuacións de compensación, reequilibrio ambiental e territorial, senón tamén, para contribuír a xerar novos empregos e empresas neste ámbito.		



Acción	A12. Aceleradora do sector da EAG: "Business Factory Blue"		
Eixe	E2. Conectores de innovación		
Obxectivo Estratéxico	OE1 Cohesionar a EAG integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación.	Obxectivo Operativo	OO2. Fomentar unha I+D+i azul que favoreza a integración de tecnoloxías e coñecemento para promover o desenvolvemento da EA.
Descrición	O obxectivo desta liña e implementar programas de apoio ao emprendemento, intraemprendemento e consolidación en proxectos especializados no ámbito da economía azul de Galicia é a súa transformación en empresas sustentables, innovadoras, viables e escalables que den resposta aos retos da AEASG.		

Acción	A13. Rede para impulsar a transformación das comunidades costeiras: "Espazo de innovación social azul de Galicia"		
Eixe	E2. Conectores de innovación		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a economía azul de Galicia integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	OO2. Fomentar unha I+D+i azul que favoreza a integración de tecnoloxías e coñecemento para promover o desenvolvemento da economía azul.
Descrición	Espazo de innovación social articulado a través dunha rede de nodos distribuídos polos territorios dos oito GALP de Galicia para transformar as comunidades costeiras de forma colectiva mediante a innovación social, potenciando o talento, creando emprego de calidade, e promovendo a sustentabilidade, dende o punto de vista dunha economía colaborativa baseada na circularidade.		




Acción	A14. Especialización dos portos galegos como interfaces físicas da Economía Azul e da Transición Enerxética		
Eixe	E1. Cooperación intersectorial		
Obxectivo Estratéxico	OE3. Garantir a sustentabilidade e a circularidade nas actividades tradicionais da EAG	Obxectivo Operativo	OO7. Promover accións sustentables que potencien a competitividade das actividades nucleares da economía azul.
Descrición	Evolucionar o rol dos diferentes portos galegos, especializando cada un deles en actividades concretas, para convertelos de forma complementaria en unha interface física onde poidan confluír todos os verticais da EA, así como posicionalos en referentes da economía galega para unha transición enerxética verde e xusta. Búscase que todos os portos galegos poidan responder con eficiencia á demanda de novos servizos, que os portos deberán ir incorporando de xeito progresivo, seguindo o Comunicado da Comisión Europea sobre un novo enfoque da EA sustentable, onde se destaca que máis ala do transporte e a loxística, o futuro dos portos radica no desenvolvemento da súa función clave como centros enerxéticos (para os sistemas integrados de electricidade, hidróxeno e outros combustibles renovables e con baixas emisións de carbono), para a economía circular, para a comunicación e para a industria. Ademais, a conformación dunha rede de portos desempeña un rol fundamental na axenda de descarbonización das principais actividades da EA, mediante o desenvolvemento de iniciativas que impulsen a transición enerxética. Esta rede de portos azuis e descarbonizados debe impulsar a neutralidade das súas operacións internas, promover un transporte mais sustentable e converterse nun eslabón transmisor e facilitador cara os clústeres marítimo-portuarios. A implementación dun enfoque de EA nos procesos estratéxicos e operativos dos portos leva implícitas actuacións específicas de conservación, protección e recuperación do medio mariño.		



Acción	A15. Programa de promoción e desenvolvemento da innovación das tecnoloxías de observación e conservación mariña		
Eixe	E2. Conectores de innovación		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a Economía Azul de Galicia integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación.	Obxectivo Operativo	OO2. Fomentar unha I+D+i azul que favoreza a integración de tecnoloxías e coñecemento para promover o desenvolvemento da Economía Azul.
Descrición	Conxunto de medidas que promocionen o desenvolvemento de tecnoloxías de observación e conservación mariña que integre varias accións e que incorporaría o lanzamento dun programa de compra pública innovadora (CPI) de tecnoloxía existente ou que facilite a adquisición de tecnoloxías non dispoñibles no mercado que precisen dun alto nivel de desenvolvemento para aportar solucións transversais ao sector da economía azul (compra pública precomercial). Desenvolvemento do Polo de Innovación de Enerxías Mariñas e Almacenamento Enerxético		

Eixe 3

Competitividade





E3 Competitividade

- A16** Unidade especializada para a implantación de proxectos estratéxicos singulares da EAG: "Unidade Galicia Empresa Azul"
- A17** Fondo de financiamento multiproducto especializado no sector da economía azul: "Carteira multiproducto para o financiamento do crecemento azul"
- A18** Pilotos de enerxías renovables nos portos de Galicia: "Laboratorio de enerxía azul"
- A19** Promoción conxunta baixo unha mesma imaxe das actividades náutico-deportivas de Galicia "Amar Galicia Náutica"
- A20** Incorporación de produtos do mar os menús das escolas infantís e centros da Xunta de Galicia: "Merca Azul"
- A21** Laboratorio para a valorización e comercialización de produtos do mar: "Engade Azul"

O fin ultimo deste eixe é **mellorar a competitividade** dos sectores da EAG.

Para elo a primeira acción deste eixe ten por obxectivo a **atracción de empresas da EA**, facilitando a súa inversión en Galicia, coa creación dunha **unidade especializada** en EA na oficina Galicia Empresa. Como seguinte paso, expónse a **creación dun fondo de financiamento específico** para da resposta ás necesidades financeiras dos proxectos captados na área da EA.

Para fomentar a competitividade da EAG, propóñense dúas accións singulares vinculadas a actividades emerxentes: 1) a posta en marcha dun **piloto de enerxías renovables** por toda Galicia (exemplo: Punta Langosteira...) e 2) a **promoción da náutica deportiva**.

Co fin de estimular a demanda de produtos do mar desde idades temperás, contéplase un **programa de sensibilización en escolas infantís**.

E para **diversificar os produtos do mar** máis aló da alimentación, en eidos como a cosmética, o farmacéutico, o de fertilizantes..., preséntase a creación dun **laboratorio de valorización e comercialización**.



Acción	A16. Unidade especializada para a implantación de proxectos estratéxicos singulares da EAG: "Unidade Galicia Azul"		
Eixe	E3. Competitividade		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a economía azul de Galicia integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	002. Fomentar unha I+D+i azul que favoreza a integración de tecnoloxías e coñecemento para promover o desenvolvemento da economía azul.
Descrición	Unidade especializada que promoverá a implantación de proxectos estratéxicos industriais e singulares no ámbito da Economía Azul. Esta unidade ten por obxectivo estimular a actividade económica dos sectores azuis, impulsando proxectos industriais que xeren alto valor engadido nas áreas da innovación, circularidade, eficiencia enerxética, adaptación o cambio climático e dixitalización.		

Acción	A17. Fondo de financiamento multiproduto especializado no sector da economía azul: "Carteira multiproduto para o financiamento do crecemento azul"		
Eixe	E3. Competitividade		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a economía azul de Galicia integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	001. Reforzar a gobernanza da EA mediante a creación de mecanismos eficaces de coordinación e colaboración.
Descrición	Fondo de financiamento multiproduto público-privado para o desenvolvemento de proxectos transversais ou cooperativos no sector da economía azul. Esta carteira contará cun amplo abanico de instrumentos financeiros para o fomento do crecemento da economía azul, como poden ser: préstamos reembolsables e transformables, capital risco, business angels, avais, axudas a fondo perdido para proxectos de desenvolvemento e posterior fase de industrialización, financiación de unidades mistas de investigación ou axudas a inversión.		



Acción	A18. Pilotos de enerxías renovables nos portos de Galicia: "Laboratorio de enerxía azul"		
Eixe	E3. Competitividade		
Obxectivo Estratéxico	OE2. Posicionar as actividades emerxentes da EAG como referentes internacionais	Obxectivo Operativo	OO5. Impulsar a adopción de fontes de enerxía renovables, fomentando a transición enerxética cara a un modelo máis limpo e respetuoso co medio ambiente.
Descrición	Posta en marcha de plataformas de ensaio de enerxías renovables nos portos, co fin de converter a Galicia nun polo de referencia europeo para a proba de novos prototipos e solucións, impulsando un marco normativo flexible e áxil de acceso e intercambio de prototipos e cun enfoque medioambiental. O obxectivo é posibilitar o desenvolvemento das enerxías renovables mariñas evidenciando a súa compatibilidade ambiental, ao tempo que se contribúe a un mellor coñecemento do medio mariño, o estado de conservación e as posibles interaccións e afeccións dos distintos usos e actividades, na procura do consenso das comunidades costeiras e de beneficios socioeconómicos para estas.		

Acción	A19. Promoción conxunta baixo unha mesma imaxe das actividades náutico-deportivas de Galicia "Amar Galicia Náutica"		
Eixe	E3. Competitividade		
Obxectivo Estratéxico	OE2. Posicionar os sectores emerxentes da EAG como referentes internacionais	Obxectivo Operativo	OO6. Conservar e por en valor o patrimonio cultural do mar
Descrición	O sector das actividades náutico-deportivas en Galicia é un dos grandes sectores emerxentes da EA, o que, xunto as características físicas e xeográficas das costas galegas, supón tanto para as empresas náuticas como turísticas unha oportunidade de impulsar e promocionar as súas actividades de maneira conxunta e baixo unha mesma imaxe e coordinación. Ademais, as actividades náuticas son unha experiencia enriquecedora que vai máis aló da simple recreación, brindando a oportunidade de desenvolverse física, mental e socialmente, mentres se establece unha conexión profunda co medio ambiente poñendo en valor a cultura e tradición, non só ligada á náutica, senón tamén á contorna natural e patrimonial de Galicia.		



Acción	A20. Incorporación de produtos do mar os menús das escolas infantís e centros da Xunta de Galicia: "Merca Azul"		
Eixe	E3. Competitividade		
Obxectivo Estratéxico	OE2. Posicionar as actividades emerxentes da EAG como referentes internacionais	Obxectivo Operativo	OO9. Por en valor a cultura e os valores da Economía Azul Sustentable de Galicia.
Descrición	Esta liña ten por obxecto promover menús que incorporen produtos do mar frescos, de tempada e equilibrados, reducindo os desperdicios e embalaxes e empregando materiais e enxoval reutilizable. Esta actuación, será canalizada, en escolas infantís e centros da Xunta de Galicia, a través da compra pública alimentaria, e en grupos de consumo e comercio polo miúdo, promovendo proxectos de economías social e solidaria de transformación alimentaria, vinculada ao mar, que compartan recursos e infraestruturas, como cociñas industriais, centrais de compras e centros lóxicos.		

Acción	A21. Laboratorio para a valorización e comercialización de produtos do mar: "Engade Azul"		
Eixe	E3. Competitividade		
Obxectivo Estratéxico	OE3. Garantir a sustentabilidade e a circularidade nas actividades tradicionais da EAG	Obxectivo Operativo	OO8. Impulsar o desenvolvemento de novos produtos de alto valor engadido nos sectores tradicionais.
Descrición	Esta liña de actuación ten como obxectivo a posta en marcha de novas propostas de valorización e comercialización de recursos do mar, non só con fins alimentarios, senón tamén cosméticos, farmacéuticos, enerxéticos, fertilizantes,... a través da creación dun Laboratorio de Experimentación comercial. As instalacións contarán con laboratorios húmidos versátiles, modulares e móbiles, provistos de tanques experimentais de diferentes tamaños que permitan o cultivo, mantemento e seguimento de respostas fisiolóxicas e de comportamento de organismo mariños. Ademais, disporán de liñas de produción propias, con rexistro sanitario, para a transformación e envasado de produtos do mar.		

Eixe 4

Patrimonio mariño





E4

Patrimonio mariño

A22

Rede para a protección, conservación, rehabilitación das manifestacións culturais mariñas: "Alianza polo patrimonio cultural azul"

A23

Programa para o impulso de infraestruturas verdes nas zonas de litoral: "Plan galego de infraestruturas azuis"

A24

Unidade de coordinación global en materia medioambiental e seguridade marítima

A25

Piloto de espazo mariño monitorizado

A26

Sistema de valorización económica dos servizos ecosistémicos mariños

A27

Programa de promoción do turismo mariñeiro: "Amar Galicia Mariñeira"

A28

Centro galego de innovación da gastronomía atlántica: "Centro Culinario da Cociña Atlántica"

O fin último deste eixe é **protexer, conservar e por en valor o patrimonio mariño**. Así, a primeira acción deste eixe pretende **crear unha alianza** para identificar aos tenedores do **patrimonio cultural** mariño, para poder abri-lo á sociedade. No caso do patrimonio mariño vinculado ás costas, propónse deseñar un **plan galego de infraestruturas azuis**, en coordinación coa estratexia de infraestruturas verdes de Galicia, onde se recolla o concepto verde-azul para a súa aplicación ao **litoral galego**.

Por outra banda, é necesario favorecer a coordinación dos múltiples axentes en materia medioambiental e seguridade marítima mediante unha **unidade de coordinación**. A creación dunha **área monitorizada mariña** que poña en valor a complementariedade de diferentes sectores (pesca, turismo, biotecnoloxía,...) e o deseño dun sistema que **valorice os servizos ecosistémicos mariños** son dúas accións que contempla este eixe.

Accións como a promoción do **turismo mariñeiro**, mediante unha campaña específica, ou a posta en valor da **gastronomía atlántica**, mediante a creación dun centro culinario (como o basque culinary) que complemente o Grao en hostalaría (con mención en gastronomía), son iniciativas que posicionan a EAG.



Acción	A22. Rede para a protección, conservación e rehabilitación das manifestacións culturais mariñas: "Alianza polo patrimonio cultural azul"		
Eixe	E4. Patrimonio mariño		
Obxectivo Estratéxico	OE2. Posicionar as actividades emerxentes da EAG como referentes internacionais	Obxectivo Operativo	OO6. Conservar e por en valor o patrimonio cultural do mar
Descrición	A Alianza polo Patrimonio Cultural Azul é unha rede que velará pola protección, conservación, rehabilitación e posta en valor da totalidade das manifestacións culturais (construcións, obxectos e creacións inmateriais) que expliquen a transformación do territorio e o modo de vida da xente do mar, a través da súa construción social e cultural ao longo do tempo, así como a evolución dos seus oficios e técnicas. O obxectivo é promover a colaboración entre a administración, o tecido empresarial, o 3º sector e a cidadanía para a preservación e acceso a sociedade de todas as manifestacións da cultura mariñeira. Esta rede contribuirá, tanto o a cumprimento dos obxectivos como das iniciativas recollidas no Plan da Cultura Marítima.		

Acción	A23. Programa para o impulso de infraestruturas verdes nas zonas de litoral: "Plan galego de infraestruturas azuis"		
Eixe	E4. Patrimonio mariño		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a EAG integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	OO1. Reforzar a gobernanza da EA mediante a creación de mecanismos eficaces de coordinación e colaboración.
Descrición	Impulsar un programa planificado de infraestruturas verde-azuis, no marco da Estratexia de Infraestruturas Verdes de Galicia, que contribúa a mellorar o estado ambiental da costa, recuperar espazos degradados a incrementar a resiliencia da costa galega ao cambio climático. As infraestruturas verdes azuis son unha rede ecolóxica litoral de zonas naturais e seminaturais e de outros elementos ambientais, deseñadas e xestionadas para conciliar a protección da biodeversidade co desenvolvemento socioeconómico, e a potenciación dos servizos ecosistémicos de abastecemento, regulación e culturais. A través desta acción preténdese por en marcha un plan en favor das infraestruturas azuis costeiras orientado á mellora da biodiversidade asociada aos hábitats costeiros e a súa conectividade ecolóxica, á potenciación da recuperación e restauración ecolóxica de terreos de dominio público marítimo-costeiro indebidamente ocupados ou degradados e ao incremento da resiliencia da costa aos efectos do cambio climático mediante o impulso de solucións baseadas na natureza.		



Acción	A24. Unidade de coordinación global en materia medioambiental e seguridade marítima		
Eixe	E4. Patrimonio mariño		
Obxectivo Estratéxico	OE3. Garantir a sustentabilidade e a circularidade nas actividades tradicionais da economía azul de Galicia	Obxectivo Operativo	007. Impulsar accións sustentables nas actividades tradicionais
Descrición	Unidade de coordinación global en materia medioambiental e seguridade marítima, coa finalidade de mellorar a comunicación entre os axentes das distintas administracións e levar a cabo medidas de prevención da contaminación, protección do medio e planificación de accións de adaptación o cambio climático.		

Acción	A25. Piloto de espazo mariño monitorizado		
Eixe	E4. Patrimonio mariño		
Obxectivo Estratéxico	OE3. Garantir a sustentabilidade e a circularidade nas actividades tradicionais da EAG	Obxectivo Operativo	007. Promover accións sustentables que potencien a competitividade das actividades nucleares da economía azul.
Descrición	Esta liña ten como obxectivo establecer un área delimitada dun caladoiro tradicional galego como reserva mariña. O fin será o de avaliar como unha explotación sostida dos recursos de interese pesqueiro, establecendo medidas de protección específicas, contribúe a economía local e rexional, a través das actividades pesqueiras tradicionais e as actividades de ocio relacionada co medio mariño e costeiro, entre outras. Se pretende medir a extensión, o estado e o valor dos bens e servizos da reserva mariña e identificar a os seus beneficiarios. Outro propósito de este piloto e o de ofrecer datos sobre os beneficios que se obteñen (e poderían obterse) a partir do investimento na recuperación de hábitats mariños degradados e a conservación da biodiversidade mariña galega. En última instancia, o piloto quere visibilizar a importancia de conservar os ecosistemas mariño da reserva para que os beneficios que xeren poidan sosterse no futuro.		



Acción	A26. Sistema de valorización económica dos servizos ecosistémicos mariños		
Eixe	E4. Patrimonio mariño		
Obxectivo Estratéxico	OE3. Garantir a sustentabilidade e a circularidade nas actividades tradicionais da EAG	Obxectivo Operativo	009. Por en valor a cultura e os valores da Economía Azul Sustentable de Galicia.
Descrición	Deseño e implantación dun modelo de avaliación e valoración económica dos servizos ecosistémicos mariños e costeiros de Galicia, a través dunha ferramenta que permita comprender e comunicar o valor dos beneficios que os ecosistemas mariños proporcionan á sociedade. A valoración económica dos servizos dos ecosistemas mariños permite: 1) dispor de información valiosa para a toma de decisións fundamentadas, 2) priorizar a conservación e restauración, 3) facilitar a negociación e compensación e 4) fomentar a concienciación e concienciación sobre a importancia económica dos ecosistemas mariños.		

Acción	A27. Programa de promoción do turismo mariñeiro: "Amar Galicia Mariñeira"		
Eixe	E4. Patrimonio mariño		
Obxectivo Estratéxico	OE2. Posicionar as actividades emerxentes da EAG como referentes internacionais	Obxectivo Operativo	006. Conservar e por en valor o patrimonio cultural do mar
Descrición	Esta actuación ten como obxectivo diversificar a actividade económica das zonas locais dependentes da pesca cara o turismo e convertendo o patrimonio marítimo nun produto turístico de calidade e de potencial proxección no mercado nacional e internacional. Para elo, potenciarase un novo modelo de negocio sustentable para o sector turístico que permita valorizar a cultura e as tradicións de Galicia. Esta nova forma de entender o turismo deberá contribuír a conservación do patrimonio cultural, natural e económico.		



Acción	A28. Centro galego de innovación da gastronomía atlántica: "Centro Culinario da Cociña Atlántica"		
Eixe	E4. Patrimonio mariño		
Obxectivo Estratéxico	OE3. Garantir a sustentabilidade e a circularidade nas actividades tradicionais da EAG	Obxectivo Operativo	O08. Impulsar o desenvolvemento de novos produtos de alto valor engadido nos sectores tradicionais.
Descrición	Creación dun ecosistema singular de formación, investigación, innovación, emprendemento e promoción da gastronomía e alimentación atlántica, baixo a idea de relacionar a cociña coa xestión, a ciencia e outras disciplinas. A posta en marcha deste proxecto gastronómico arrancará coa a creación dun Centro galego de innovación gastronómica atlántica que entre os seus fins, destacará: 1º) desenvolver o potencial da cociña atlántica como sector de innovación de futuro, xerando coñecementos de alto valor engadido; 2º) promover a investigación e a transferencia de coñecemento entre os profesionais da gastronomía e o sector empresarial, e 3º) perseguir unha proxección internacional da gastronomía atlántica como referente do patrimonio inmaterial singular mariñeiro, baixo unha esfera exponencial, emocional e relacional, que converta a oferta turística das zonas costeiras de Galicia nun mercado de emocións singular.		

Eixe 5

Talento e Traballo





E5 Talento e traballo

- A29 Diálogo social da EAG
- A30 Rede de centros universitarios e tecnolóxicos especializados en investigación mariña aplicada ao cambio climático
- A31 Plan para a xeración de habilidades azuis "Suma Azul"
- A32 Plan de medidas de igualdade nos sectores azuis de Galicia: "Iguala"
- A33 Promoción de carreiras laborais en actividades tradicionais azuis: "Persoas mozas administradoras do mar"

No eixe do talento e do traballo, a AEASG recolle 5 accións que perseguen **mellorar as condicións laborais** dos profesionais do sector, **por en valor as profesións da EA** para facelas atractivas para as novas xeracións e **capacitar as persoas** en consonancia coas necesidades das empresas da EAG.

Así a primeira acción está vinculada ao **Diálogo Social azul**, coa creación de mesas para abordar esta problemática, para harmonizar as condicións dos diferentes sectores, ou para o intercambio de boas prácticas entre os diferentes sectores.

No eido da capacitación e a formación, propónse crear unha **rede de centros universitarios e tecnolóxicos** especializados en investigación mariña e cambio climático que promova a integración dos investigadores nas empresas. A **adecuación dos plans de estudo ás necesidades das empresas** da EAG, así como a promoción de **medidas de igualdade** son accións necesarias para que o sector sexa máis competitivo.

Por último, este eixe contempla un plan de promoción de estudos de grao que inviten a mocidade a **coñecer as oportunidades laborais** que ofrece a EAG.



Acción	A29. Diálogo social da EAG		
Eixe	E5. Talento e traballo		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a EAG integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	OO1. Reforzar a gobernanza da EAG mediante a creación de mecanismos eficaces de coordinación e colaboración.
Descrición	Mesa de consultas, de intercambio de información e negociacións na que participen os interlocutores sociais da EA (representantes do goberno, as empresas e os traballadores) para impulsar o diálogo social e definir políticas que contén co necesario consenso para poder mantelas a longo prazo. É fundamental poñer en valor o sector da EA en Galicia, mellorando o coñecemento da sociedade e impulsando as actividades económicas asociadas o mesmo. O sector da EA deberá comprometerse coa sustentabilidade e a protección dos recursos medioambientais do territorio, sendo por tanto fundamental coordinarse e realizar todos os esforzos estratéxicos necesarios para propiciar un cambio tecnolóxico e ecolóxico que contribúa acadar estes compromisos.		

Acción	A30. Rede de centros universitarios e tecnolóxicos especializados en investigación mariña aplicada ao cambio climático		
Eixe	E5. Talento e Traballo		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a EAG integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	OO3. Impulsar o desenvolvemento e a retención de talento especializado que garanta a innovación, a competitividade e o crecemento sostible da EAG
Descrición	Ecosistema de innovación multidisciplinar formado por centros universitarios e tecnolóxicos para xerar proxectos de adaptación e mitigación do cambio climático na costa e incrementar a súa resiliencia. Esta acción inclúe o desenvolvemento de actuacións concretas nas que se teña en conta o nivel de risco e a vulnerabilidade da costa, contando cun programa complementario, en colaboración con GAIN, para a incorporación de persoal investigador nas empresas. O obxectivo é contar con espazos de encontros intersectoriais para a planificación de solucións consensuadas, coa participación de xestores de recursos hídricos, infraestruturas ou saúde pública, xunto con representantes das actividades do Sector da EA.		



Acción	A31. Plan para a xeración de habilidades azuis "Suma Azul"		
Eixe	E5. Talento e Traballo		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a Economía Azul de Galicia integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	OO3. Impulsar o desenvolvemento e a retención de talento especializado que garanta a innovación, a competitividade e o crecemento sostible da economía azul de Galicia
Descrición	Plan integral de capacitación para mellorar a profesionalización da EAG e xerar emprego cualificado nas actividades da AEG. Cooperación entre a academia (institucións educativas públicas e privadas) e a industria (actividades da economía azul) para adaptar os plans formativos a una realidade con novas necesidades de capacitación (en tecnoloxía, sustentabilidade, normativa ambiental,...).		

Acción	A32. Plan de medidas de igualdade nos sectores azuis de Galicia: "Iguala"		
Eixe	E5. Talento e Traballo		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a EAG integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	OO3. Impulsar o desenvolvemento e a retención de talento especializado que garanta a innovación, a competitividade e o crecemento sostible da EAG
Descrición	Plan de medidas de igualdade para incorporar a visión de xénero nas ocupacións azuis e para superar as barreiras de acceso a determinadas actividades. A presenza feminina nas activades da EAG e moi dispar, xa que por unha banda están as actividades na que a presenza das mulleres é maioritaria (como o marisqueo ou a conserva), e por outra banda están as actividades nas que prevalece a presenza masculina. Mediante a posta en marcha dun plan de medidas de igualdade, búscase crear un entorno inclusivo e equitativo onde homes e mulleres poidan contribuír e beneficiarse por igual, promovendo así un desenvolvemento sostible e xusto no ámbito mariño.		



Acción	A33. Promoción de carreiras laborais en actividades tradicionais azuis: "Persoas mozas administradoras do mar"		
Eixe	E5. Talento e traballo		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a EAG integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	OO3. Impulsar o desenvolvemento e a retención de talento especializado que garanta a innovación, a competitividade e o crecemento sostible da EAG
Descrición	O obxectivo desta liña de actuación e inspirar e comprometer a xente moza a perseguir unha carreira laboral en actividades tradicionais ou emerxentes da economía azul. Para elo, deseñarse un programa formativo e divulgativo que terá como fin mostrar como unha opción profesional atractiva os traballos vinculados a actividades dos diferentes sectores da Economía Azul de Galicia. Empoderando a estes perfís profesionais como os "administradores do mar". Tamén fará fincapé nas posibilidades que ofrecen os oficios dos sectores tradicionais como a pesca e o marisqueo de seguir un estilo ao aire libre e tamén como as actividades emerxentes da economía azul poden proporcionar modalidades de traballo innovadoras.		

Eixe 6

Comunicación e Información





E6 Comunicación e información

- A34 Mesas de diálogo para a xestión de información da EAG: "Big data da Economía Azul de Galicia"
- A35 Xemelgo dixital de hábitats mariños e costeiros: "XIM" (Xemelgo Intelixente Mariño)
- A36 Foro internacional bianual da EAG: "Pensa Azul"
- A37 Certificación de calidade da Economía Azul de Galicia
- A38 Campaña para contribuír a mellora da conservación do medio mariño a través dos cambios nos hábitos de consumo: "A saúde do Mar a nosa Saúde"
- A39 Campaña para divulgar as actividades azuis e o seu impacto: "Crecemento azul"
- A40 Programa educacional e de sensibilización de Economía Azul: "Compromiso Azul"

Co eixe da **comunicación e información**, perséguese un dobre obxectivo, por unha banda a obtención de datos relevantes para conservación do medio mariño, e por outra banda a difusión e posta en valor da EAG a través de datos e información contrastada.

A primeira acción que se contempla é a creación dunha mesa de traballo que **centralice toda a información** relacionada coa EAG, non só os datos relacionados co medio mariño, senón tamén os das actividades económicas da EAG.

Outra iniciativa da AEASG é a construción dun **xemelgo dixital mariño** que complemente o xemelgo dixital terrestre de Galicia.

No ámbito da comunicación, formúlase a realización dun **Foro internacional de EA** que promocióne a importancia da EAG a nivel internacional.

Tamén se propón aliñar unha **certificación de calidade** azul con Galicia Calidade que premie ás empresas da EAG que asuman compromisos en materia de sustentabilidade.

Xa no eido da **difusión**, recóllense **3 campañas** orientadas a: 1) mellora-la saúde grazas aos hábitos de consumo, 2) por en valor as empresas da EAG e 3) o compromiso da EAG co medio ambiente.



Acción	A34. Mesas de diálogo para a xestión de información da EAG: "Big data da Economía Azul de Galicia"		
Eixe	E6. Comunicación e Información		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a EAG integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	001. Reforzar a gobernanza mediante a creación de mecanismos eficaces de coordinación e colaboración.
Descrición	Creación dunha mesa de diálogo, e intercambio de información, propostas, comunicación para o sector da EASG, coa finalidade de servir os axentes públicos e privados con intereses no sector. Esta mesa articúlase como unha ferramenta viva e transparente para conquistar un maior coñecemento de todas as actividades relacionadas co mar e como base para a toma de decisións para as entidades e actores da EAG.		
Acción	A35. Xemelgo dixital de hábitats mariños e costeiros: "XIM" (Xemelgo Intelixente Mariño)		
Eixe	E6. Comunicación e Información		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a EAG integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	002. Fomentar unha I+D+i azul que favoreza a integración de tecnoloxías para promover o desenvolvemento da EA.
Descrición	Unidade interdisciplinar de coñecemento do mar para mellorar a súa conservación. O obxectivo é facer que o coñecemento do océano este facilmente dispoñible para cidadáns, empresas, científicos e administracións públicas, a través dun conxunto innovador de ferramentas de visualización, interactivas e orientadas ao usuario, co fin de tomar decisións informadas, baseadas na ciencia. Este coñecemento axudará a deseñar formas efectivas para restaurar os hábitats mariños e costeiros, apoiar unha economía azul sustentable e mitigar e adaptarse o cambio climático. A ferramenta que aglutina este coñecemento é un xemelgo dixital local que se conecta co European Digital Twin Ocean (DT). Trátase dun lugar de co-creación dixital que reúne a diferentes disciplinas e comunidades. Seus usos son ilimitados, destacando: 1) a planificación de actividades no mar, dende plans de explotacións, localizacións da actividade acuícola ou sistemas de enerxías renovables 2) probar a efectividade das infraestruturas azuis e verdes resistentes, entre outros, ante os efectos do cambio climático, como por exemplo o aumento do nivel do mar en varios escenarios ou 3) predicir o cambio climático e como a actividade humana afectará os ecosistemas mariños, axudando a avaliar diferentes plans de actuación, elixindo o máis eficientes a implementar, tomando en consideración diversidade de parámetros, incluídos os socioeconómicos. O súa finalidade é desbloquear as actuais incógnitas dos océanos a través de enfoques científicos interdisciplinares e levar a cabo accións de anticipación baseadas en predicións de posibles cambios futuros nos océanos.		



Acción	A36. Foro internacional bienal da EAG: "Pensa Azul"		
Eixe	E6. Comunicación e Información		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a economía azul de Galicia integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	OO1. Reforzar a gobernanza mediante a creación de mecanismos eficaces de coordinación e colaboración.
Descrición	Foro bienal da Economía Azul Sustentable con carácter internacional que permitirá a difusión do coñecemento máis avanzado (investigacións académicas e científicas) e a posta en común de experiencias novidosas e casos de éxito, posicionando a Galicia como un referente mundial en crecemento azul sustentable.		

Acción	A37. Certificación de calidade Economía Azul de Galicia		
Eixe	E6. Comunicación e Información		
Obxectivo Estratéxico	OE1. Cohesionar a EAG integrando as diferentes actividades que a conforman mediante conectores de innovación	Obxectivo Operativo	OO1. Reforzar a gobernanza da EA mediante a creación de mecanismos eficaces de coordinación e colaboración.
Descrición	Esta liña ten como obxectivo promover un selo de calidade ou distinción que recoñeza ás empresas que impulsen sistemas, procesos e actividades e infraestruturas relacionadas coa Economía Azul. Aqueles empresas que sexan capaces de demostrar "responsabilidade azul" na toma de decisións e/ou levando a cabo actividades de relevancia sobre cuestións relacionadas coa protección e a conservación dos recursos mariños, estarán en disposición de obter unha certificación Azul. O selo suporá unha vantaxe competitiva e inspirará confianza a diferentes grupos de interese: cidadáns, clientes, investidores, provedores, empregados, comunidades locais e consumidores.		



Acción	A38. Campaña para contribuír a mellora da conservación do medio mariño a través dos cambios nos hábitos de consumo: "A saúde do Mar a nosa Saúde"		
Eixe	E6. Comunicación e información		
Obxectivo Estratéxico	OE3. Garantir a sustentabilidade e a circularidade nas actividades tradicionais da EAG	Obxectivo Operativo	009. Por en valor a cultura e os valores da Economía Azul Sustentable de Galicia.
Descrición	Esta acción ten como obxectivo concienciar as persoas consumidoras sobre a importancia de mellorar os hábitos de consumo para contribuír a conservación do medio e dos recursos mariños. Realizarase unha campaña para sensibilizar da necesidade de preservar os recursos mariños a través dun consumo sostible.		

Acción	A39. Campaña para divulgar as actividades azuis e o seu impacto: "Crecemento azul"		
Eixe	E6. Comunicación e información		
Obxectivo Estratéxico	OE3. Garantir a sustentabilidade e a circularidade nas actividades tradicionais da EAG	Obxectivo Operativo	009. Pór en valor a cultura e os valores da Economía Azul Sustentable de Galicia.
Descrición	O obxectivo desta liña de actuación é divulgar de xeito dinámico as actividades azuis de Galicia e o seu impacto, así como mostrar as oportunidades que xorden neste novo ámbito económico, social, medioambiental e de gobernanza en Galicia. Divulgaranse os investimentos e proxectos que se estean levando a cabo en Galicia, tanto cara á cidadanía como para atracción de investimentos que contribúan a situar Galicia como territorio de referencia a nivel europeo no ámbito da Economía Azul.		



Acción	A40. Programa educacional e de sensibilización de Economía Azul: "Compromiso Azul"		
Eixe	E6. Comunicación e información		
Obxectivo Estratéxico	OE3. Garantir a sustentabilidade e a circularidade nas actividades tradicionais da EAG	Obxectivo Operativo	009. Por en valor a cultura e os valores da Economía Azul Sustentable de Galicia.
Descrición	O seu obxectivo fundamental é promover entre os diferentes axentes da economía azul, sensibilizar, concienciar e xerar compromiso sobre a importancia de coidar o mar e os seus recursos para un desenvolvemento sostible, ambiental, económico e social.		

Impacto nos sectores da EAG

Impacto baixo

Impacto medio

Impacto alto

		Pesca e Marisqueo	Acuicultura	Transformados	Portos e Loxística	Construción Naval	Turismo e Patrimonio	Energías renovables	Biotecnoloxía Azul	Vixilancia e Seguridade	Tecnoloxías de Observación	Talento Azul	I+D+i Azul
A1	Rede da economía azul de Galicia: "REAG"												
A2	Rede Atlántica de Clusters e Centros Tecnolóxicos da EA: "RA2C"												
A3	Desenvolvemento da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia												
A4	Programa de dixitalización das cadeas de valor da EAG "EA-DIXITALIZATE"												
A5	Unidade especializada en favorecer o tránsito ata a economía azul das cadeas de valor da EAG: "Unidade circular azul"												
A6	Descarbonización nos sectores da EAG: "Axendas intersectoriais de transición enerxética e ecolóxica"												
A7	Proxectos pilotos para diversificar a acuicultura en colaboración coas actividades biotecnolóxicas: "Acua-bio-integra"												
A8	Promoción de tecnoloxías que propicien unha cadea de valor no sector naval galego de cero emisións "Naval net-0"												
A9	Rede para impulsar e consolidar a transferencia de coñecemento doutros sectores complementarios a EAG: "Polo Azul"												
A10	Plataforma para conectar a oferta e a demanda de recursos de innovacións azuis: "Azul Conecta"												
A11	Sumar capacidades en rede para o desenvolvemento de novos enfoques da Biotecnoloxía Azul: "Centro Biotec azul"												
A12	Aceleradora do sector da EAG: "Business Factory Blue"												
A13	Rede para impulsar a transformación das comunidades costeiras: "Espazo de innovación social azul de Galicia"												
A14	Especialización dos portos galegos como interfaces físicas da Economía Azul e da Transición Enerxética												
A15	Programa de promoción e desenvolvemento da innovación das tecnoloxías de observación e conservación mariña												
A16	Unidade especializada para implantar proxectos estratéxicos singulares da EAG: "Unidade Galicia Azul"												
A17	Fondo de financiamento especializado no sector da economía azul: "Carteira multiproducto para o financiamento azul"												
A18	Pilotos de enerxías renovables nos portos de Galicia: "Laboratorio de enerxía azul"												
A19	Promoción conxunta baixo unha mesma imaxe das actividades náutico-deportivas de Galicia "Amar Galicia Náutica"												
A20	Incorporación de produtos do mar os menús das escolas infantís e centros da Xunta de Galicia: "Merca Azul"												
A21	Laboratorio para a valorización e comercialización de produtos do mar: "Engade Azul"												
A22	Rede para a protección, conservación, rehabilitación das manifestacións culturais mariñas: "Alianza patrimonio cultural azul"												
A23	Programa para o impulso de infraestruturas verdes nas zonas de litoral: "Plan galego de infraestruturas azuis"												
A24	Unidade de coordinación global en materia medioambiental e seguridade marítima												
A25	Piloto de espazo mariño monitorizado												
A26	Sistema de valorización económica dos servizos ecosistémicos mariños												
A27	Programa de promoción do turismo mariñeiro: "Amar Galicia Mariñeira"												
A28	Centro galego de innovación da gastronomía atlántica: "Centro Culinario da Cociña Atlántica"												
A29	Diálogo social da EAG												
A30	Rede de centros universitarios e tecnolóxicos especializados en investigación mariña aplicada ao cambio climático												
A31	Plan para a xeración de habilidades azuis "Suma Azul"												
A32	Plan de medidas de igualdade nos sectores azuis de Galicia: "Iguala"												
A33	Promoción de carreiras laborais en actividades tradicionais azuis: "Persoas mozas administradoras do mar"												
A34	Mesas de diálogo para a xestión de información da EAG: "Big data da Economía Azul de Galicia"												
A35	Xemelgo dixital de hábitats mariños e costeiros: "XIM" (Xemelgo Intelixente Mariño)												
A36	Foro internacional bianual da EAG: "Pensa Azul"												
A37	Certificación de calidade para a Economía Azul de Galicia												
A38	Campaña para mellorar a conservación do medio mariño a través dos cambios nos hábitos de consumo: "A saúde do Mar a nosa Saúde"												
A39	Campaña para divulgar as actividades azuis e o seu impacto: "Crecemento azul"												
A40	Programa educacional e de sensibilización de Economía Azul: "Compromiso Azul"												



Estratexia da
Economía Azul
de Galicia

Proceso participativo na validación da Estratexia



2

Xornadas multisecoriais

76

Participantes

40

Accións estratéxicas

5

Orzamento



3

Obxectivos estratéxicos

114

Millóns de euros

6

Eixes de actuación

4

Anos

40


Accións estratéxicas

20

Entidades implicadas




Distribución do orzamento por obxectivos estratéxicos





Distribución do orzamento por eixes de actuación





As entidades implicadas no orzamento

- Axencia de Turismo de Galicia
- Galicia Calidade
- DX de Calidade ambiental e Sostibilidade
- SX de Industria e Desenvolvemento enerxético
- INEGA
- IGAPE
- Instituto de estudos do territorio (IET)
- XESGALICIA
- GAIN
- DX de Ordenación Educativa
- DX de Formación Profesional
- SX de Emprego e Relacións Laboráis
- DX de Formación e Cualificación para o Emprego
- DX de Comercio e Consumo

- DX Desenvolvemento Pesqueiro
- DX Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
- INTECMAR
- CETMAR
- Portos de Galicia
- Gardacostas de Galicia

20

6


Governanza



Necesidade dun sistema de Gobernanza

Para garantir a consecución dos obxectivos e actuacións desta estratexia, faise necesario por en marcha un sistema de Gobernanza que permita:

- Acadar o **obxectivo** da misión da AEAG.
- Promover a **cooperación** entre os actores da AEAG.
- Asegurar o control do **avance** na misión e na avaliación dos seus resultados.
- **Implicar** a tódolos niveis do sector público na súa execución.
- Crear espazos para a **participación** do sector privado que promovan a súa implicación e asuman como propia a estratexia.
- Crear sinerxías de **colaboración** público-privada.






Espírito do sistema de Gobernanza

O sistema de Gobernanza da AEASG propón un modelo:

- A **distintos niveis administrativos**, que inclúe non só a administración rexional, senón tamén ao resto de niveis administrativos (nacional, provincial, municipal,...).
- Que reflicta a **pluralidade dos actores involucrados**. Tódolos actores relevantes na EAG están chamados a contribuír mediante canles de participación axeitados.
- Con **visión de conxunto** que permita buscar os maiores consensos e os maiores ámbitos de participación.
- Que **conte con todo o mundo**. A visión integradora do sistema de Gobernanza permitirá acadar as metas da AEAG.






Estrutura de Gobernanza

O sistema de gobernanza estará formado polos seguintes catro órganos:

- **Consello Rector**, no que participan tódalas Consellería implicadas na AEASG e presidido pola Consellería do Mar
- **Comité Consultivo**, formado por expertos da EA que asesoran ao Consello Rector.
- **Consello Xestor**, integrado polo equipo directivo da Consellería do Mar.
- **Oficina Técnica**, presta apoio ao consello xestor e as comisións de traballo.
- **Comisións de Traballo**, en función dos eixes estratéxicos da AEAG, que se encargarán de realizar un seguimento do grado de avance das accións da estratexia.





7

Conclusiones



En Galicia, o mar non só define a nosa paisaxe, senón que conecta todo o que somos: a nosa historia, o noso presente e o noso futuro.

A Estratexia de Economía Azul de Galicia, baixo o lema "*Onde o mar nos conecta*", busca unir todos os elementos que fan do noso mar unha fonte de vida e oportunidade. Esta Estratexia promove unha visión integrada que conecta distintos ámbitos clave para o desenvolvemento sostible e equilibrado da nosa comunidade.





Conexión coa tradición

Galicia é unha terra que vive do e co mar dende hai séculos. A través desta Estratexia, reforzamos os nosos lazos coas prácticas tradicionais, como a pesca, marisqueo e acuicultura, asegurando a súa continuidade mediante a innovación e a sustentabilidade. Mantemos viva a nosa cultura mariñeira, preservando o patrimonio que nos fai únicos.

Conexión co futuro

Esta Estratexia mira cara ao futuro apostando por sectores emerxentes como a biotecnoloxía azul e as enerxías renovables mariñas. O desenvolvemento de novas tecnoloxías e a dixitalización dos sectores mariños impulsarán unha economía máis competitiva e innovadora, asegurando que Galicia sexa un referente na loita contra o cambio climático e na creación de emprego de calidade.





Conexión coa natureza

A conservación do medio mariño é unha prioridade. O noso mar é un ecosistema vital que debemos protexer para garantir a súa saúde e sustentabilidade. A través da economía azul, promovemos accións que preservan a biodiversidade e fan un uso sostible dos seus recursos, reducindo o impacto ambiental e garantindo que o mar siga sendo unha fonte de vida.

Conexión coas persoas

O verdadeiro motor desta Estratexia son as persoas. Traballamos para que o mar siga xerando oportunidades de emprego, mellorando a calidade de vida das comunidades costeiras e promovendo a igualdade e a inclusión social. A formación e a educación xogan un papel fundamental, asegurando que as novas xeracións teñan as habilidades necesarias para prosperar nunha economía máis verde e sostible.



En resumo, a Estratexia de Economía Azul de Galicia é un proxecto integral que conecta tradición, futuro, natureza e persoas, cun obxectivo común:
coidar do noso mar para que siga coidando de nós.



Estratexia da
Economía Azul
de Galicia

Onde o mar nos conecta



XUNTA
DE GALICIA